

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A
FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE
ACTUACIÓNS DE INTERESE COMÚN NO EIDO DA PROMOCIÓN E
DIVULGACIÓN DOS SEUS FONDOS ARTÍSTICOS E ACTIVIDADES CULTURAI

PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA

REUNIDOS

Dunha parte D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 e modificado o 6 de outubro de 2020, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).


Doutra, D. Miguel Ángel Escotet Álvarez, na súa condición de presidente da Fundación Galicia Obra Social (a seguir, "Afundación"), entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins segundo figura, en particular, no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Facenda e Administración Pública, da Xunta de Galicia, onde se atopa inscrita a Fundación co número 2013/12.

Os comparecentes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante este protocolo, e para tales efectos,


EXPOÑEN

Primeiro. Que o Parlamento de Galicia mantén un firme compromiso coa defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, mandato inequívoco do Estatuto de autonomía de Galicia, en virtude do cal o Parlamento desenvolve actuacións para a protección, a difusión e o fomento do patrimonio cultural galego promovendo a participación da sociedade co obxectivo de contribuír a acrecentar o sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co patrimonio cultural que lle pertence.

Con este espírito, a Cámara galega elabora múltiples publicacións e organiza de forma individual e en colaboración con outras entidades numerosos proxectos de cara á



investigación, valorización e difusión do noso patrimonio cultural e lingüístico. Particularmente teñen especial relevancia as accións a prol da Colección de Arte do Parlamento de Galicia, unha das máis valiosas e variadas coleccións públicas de arte galega contemporánea, con representación das principais figuras da pintura e escultura de Galicia, e da biblioteca parlamentaria, que custodia na chamada Sala Carballo Calero, os libros e documentos do arquivo persoal de Ricardo Carballo Calero, dos irmáns Vilar Ponte, e de Elena Quiroga e Dalmiro de la Válgoma, entre outros, constituíndo no seu conxunto un importante acervo documentado da lingua e literatura galegas nun tempo fundamental da nosa historia contemporánea.



Segundo. Inmersos na celebración do 40 aniversario de Estatuto de Autonomía, o Parlamento ven realizando distintas actividades divulgativas e institucionais ás que se sumarán outras de carácter cultural ao longo deste 2021. A partir do 19 de decembro dará comezo a conmemoración do 40 aniversario do Parlamento de Galicia, é propósito da Cámara levar a cabo diversas actuacións, tanto dentro da súa sede como fóra dela, co obxectivo de achegar a primeira institución autonómica á cidadanía, promovendo o coñecemento da súa historia, das funcións e actividades que desenvolve ao tempo que promociona o seu patrimonio, que é de todos os galegos. Disporá para tal fin e na medida das súas posibilidades, dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Terceiro. Que Afundación ten entre os seus fins o apoio á cultura e, con este propósito executará, potenciará e/ou propoñerá actividades que poderá realizar directamente ou a través da colaboración con outras entidades que promovan o coñecemento, protección e axuda aos bens do patrimonio histórico e cultural de Galicia, que difundan a cultura no seu máis amplo sentido coa participación en programas locais, comunitarios, nacionais, europeos e internacionais, que impulsen e promovan a difusión da arte mediante estudos, publicacións, exposicións e investigacións, ou que fomenten o enriquecemento cultural a través de actividades propias de museos, arquivos, centros de documentación, bibliotecas, etc., entre outras.

Cuarto. Afundación dispón nas sete cidades galegas de espazos culturais e expositivos onde desenvolve unha ampla e variada programación tanto propia como de terceiros, converténdoa nun dos principais axentes dinamizadores da vida cultural das grandes urbes galegas.

Quinto. A Colección de arte de Afundación declarada «Ben de Interese Cultural» (BIC) no ano 2015, é unha das mellores da arte galega, conta na actualidade cun fondo de 5.000 obras de pintura, escultura, fotografía, gravado e debuxo. O traballo de

conservación, catalogación e difusión dos seus fondos garanten a continuidade futura deste patrimonio artístico e cultural, e reafirman o compromiso de Afundación coa sociedade galega de manter e divulgar a súa colección.

Sexto. Ambas as institucións enmarcan a súa actuación de protección e promoción dos seus bens culturais na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a respecto de cumprir cos deberes establecidos nesta lei para a protección do patrimonio cultural de Galicia, así como ser participes na súa conservación, acrecentamento, difusión e fomento, favorecendo procesos de cohesión social, fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a valorización e investigación do patrimonio, en calquera das súas manifestacións, e mais transmisión ás xeracións futuras.

Sétimo. Atendendo aos resultados positivos da colaboración ao abeiro do protocolo suscrito entre as dúas institucións o 28 de maio de 2018, é vontade de ambas as partes continuar traballando conxuntamente no desenvolvemento de iniciativas de dinamización da promoción e intercambio dos seus bens culturais e fondos artísticos, así como promoveren a difusión da arte e da cultura galega mediante estudos, publicacións, exposicións e investigacións.

Ao tempo, a Cámara e Afundación, prevén colaborar na organización de actividades que con motivo das conmemoracións do 40 aniversario do Estatuto de Autonomía e do 40 aniversario do Parlamento de Galicia, se poidan desenvolver en espazos que grazas a colaboración de Afundación, sexan deseñadas para achegar o Parlamento á cidadanía galega tanto nas súas cidades e vilas, como naquelas localidades, que fóra de Galicia, acollan unha nutrida comunidade galega.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para o asinamento deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Afundación, para fixar o marco xeral de actuación na promoción, dinamización e o impulso dos fondos artísticos e culturais de ambas as

entidades e do patrimonio cultural galego en calquera das súas manifestacións, así coma da colaboración na organización de eventos que co gallo do 40 aniversario tanto do Estatuto de Autonomía como do Parlamento de Galicia se estime oportuno desenvolver.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e a Afundación, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométense a colaborar no desenvolvemento dos seus fins, a través de accións que se plasmarán a través dos correspondentes acordos, de modo que se propicie:

- unha maior difusión dos seus fondos artísticos mediante a organización de exposicións e intercambios de obras;
- a investigación, o estudo e as publicacións das súas obras, autores e temáticas, que abonden no coñecemento e na difusión deste valor artístico cultural;
- a promoción do coñecemento, protección e axuda aos bens do patrimonio histórico e cultural de Galicia.
- o fomento e o enriquecemento cultural a través de actividades propias cos fondos artísticos, arquivos, centros de documentación, bibliotecas, etc.
- a promoción do coñecemento do Parlamento de Galicia, dentro das actuacións que se desenvolvan con motivo do seu 40 aniversario.

Terceira. Financiamento

O asinamento deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes acordos que deriven deste protocolo.


Cuarta. Difusión da colaboración das partes

Nas actividades expositivas, divulgativas ou naquelas que supoñan intercambio de fondos e nas actuacións respecto das publicacións que se fagan relacionadas co desenvolvemento deste protocolo, farase constar a colaboración das partes e utilizaranse, de proceder, a identidade corporativa de cada unha das institucións.

O asinamento deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos distintos soportes de comunicación e difusión que se empreguen, os datos referidos ao seu contido de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.


Quinta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo producirá efectos a partir da data do seu asinamento e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- 
- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
 - b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
 - c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo mediante acordo mutuo.

Sexta. Comisión de seguimento



Coa finalidade de optimizar e valorar os resultados deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento integrada por un representante de cada unha das institucións, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola Comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do protocolo.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- A elaboración do Informe previo á resolución por incumprimento.
- As facultades de supervisión da execución e adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das actividades acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e rexerese polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puiden xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento deste protocolo de colaboración, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Novena. Transparencia e bo goberno

O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asíñase o presente protocolo por triplicado no Pazo do Parlamento, en Santiago de Compostela, o trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e dous.

PARLAMENTO DE GALICIA
PRESIDENTE



//Afundación
Obra Social ABANCA



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA
Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente do Parlamento de Galicia



Miguel Ángel Escotet Álvarez,
Presidente de Afundación